

PROXECTO LINGÜÍSTICO

**CEIP MANUEL
RESPINO**

Revisado curso
2021/2022



ÍNDICE

1. Introducción.
2. Marco legal.
3. Xustificación.
4. Análise sociolingüística do centro.
 - 4.1. Introducción.
 - 4.2. Contexto sociolingüístico.
 - 4.3. Situación do alumnado.
 - 4.4. Situación do profesorado.
 - 4.5. Ambientalidade lingüística.
 - 4.6. Criterios para determinar a lingua predominante do contorno.
 - 4.7. Indicador global. Determinación do contorno sociolingüístico do centro.
5. Distribución lingüística curricular.
6. Linguas que se deben empregar nos documentos curriculares.
7. Tratamento integrado das linguas (TIL)
 - 7.1. Medidas tendentes á impartición do currículo integrado das linguas.
 - 7.2. Implicacións metodolóxicas.
 - 7.3. Tratamento específico da lingua inglesa.
 - 7.4. Aprendizaxe da lingua nas ANL (Áreas Non Lingüísticas)
 - 7.5. Contidos de lingua que se poden traballar nas ANL.
 - 7.6. Consideracións sobre a biblioteca escolar.
8. Obxectivos xerais.
9. Actividades.
10. Metodoloxía.

- 10.1. Criterios metodolóxicos básicos e común.
- 10.2. Tratamento de contidos e criterios de avaliación similares.
- 11. Recursos humanos e materiais.
 - 11.1. Recursos humanos.
 - 11.2. Recursos materiais.
- 12. Medidas de apoio e reforzo ao plurilingüismo.
- 13. Medidas para o alumnado con insuficiente dominio das linguas e procedente do estranxeiro.
- 14. Estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira as dúas linguas oficiais.
- 15. Programa específico de atención ao alumnado NEAE.
- 16. Competencias do EDLG.
- 17. Avaliación.
- 18. Conclusión.

1. Introducción.

Está demostrado que un neno/a que aprende diferentes idiomas desenvolve mellor os seus procesos cognitivos. Isto supón unha vantaxe para ampliar a capacidade de razoamento e pensamento. Ser quen de pensar en diferentes linguas enriquece a comprensión de conceptos e axúdanos a ampliar os recursos de establecemento de asociacións entre conceptos distintos. En definitiva, ofértase unha máis ampla galería de oportunidades para pensar nas diferentes linguas o que contribúe á súa adquisición.

Ademais, consideramos que as linguas son un elemento básico de identidade cultural e conforman, cada unha delas, unha forma de ver a realidade, de vivir e de pensar sendo todas elas merecedoras de respecto, independentemente do seu status social. Neste sentido, temos que lembrar que o obxectivo educativo primordial é conseguir a igualdade no uso das linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, introducindo a L3 de xeito progresivo coa intención explícita de mellorar a competencia lingüística e preparar ao alumnado para un mellor desenvolvemento persoal e social. Na actualidade o centro conta con seccións bilingües na materia de Educación Artística: Plástica en todos os niveis da etapa de Educación Primaria.

O proxecto lingüístico do centro ten como finalidade o desenvolvemento da Lei de Normalización lingüística 3/1983 e máis concretamente do Decreto 79/2010, do 20 de maio, onde se regulan as medidas adoptadas de cara á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, propiciando a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a poboación escolar.

Na sociedade na que vivimos cada vez é máis importante o valor da comunicación. Desde o centro temos a convicción de que temos que formar a persoas que se poidan desenvolver nun mundo cada vez máis globalizado e que as linguas non deben supor limitacións ás nosas capacidades senón un enriquecemento que nos abra fronteiras.

Partimos da base que vivimos nunha sociedade plurilingüe e esta realidade, como non debe ser doutro xeito, supón o punto de partida do noso Proxecto Lingüístico.

A competencia en comunicación lingüística ten, entre as sete competencias clave establecidas pola normativa, un papel especial na escola. Ademais de ser un factor fundamental para as relacións sociais no centro, do seu desenvolvemento depende en gran medida a participación e as posibilidades de éxito de cada estudante na actividade académica. Neste sentido, calquera centro que desenvolva un programa de educación lingüística (ensino de contidos a través das

linguas estranxeiras, promoción da lectura, ensino, etc.) debe contemplar esta actividade de innovación educativa no seu Proxecto Educativo de Centro. A concreción que se realice no Proxecto Educativo de Centro de todas aquelas medidas destinadas á promoción ou ensino das linguas denomínase Proxecto Lingüístico de Centro (PLC).

Fundamentalmente, o PLC debe recoller as decisións que adopte o centro para a educación lingüística do alumnado, incluíndo:

- decisións macro (distribución de linguas na escola e o currículo, decisións sobre as linguas maternas dos estudantes e sobre as linguas ambientais, decisións respecto da avaliación da competencia en comunicación lingüística do alumnado e decisións metodolóxicas xerais respecto do ensino-aprendizaxe das linguas).
- decisións micro (relacionadas basicamente coas decisións respecto do ensino das linguas de escolarización, as linguas estranxeiras e o discurso no resto das materias e áreas do currículo).

No artigo 14, do Decreto 79/2010 establécese que cada centro elaborará o seu Proxecto lingüístico cada catro anos e que este formará parte do seu PEC. Tendo en conta que a última versión do PLC que obra no centro data do ano 2011, é oportuno proceder á súa profunda renovación.

2. Marco legal.

O Proxecto Lingüístico de Centro é redactado por unha comisión de profesorado designado polo equipo directivo, oída a comisión de coordinación pedagóxica, tendo especial implicación o equipo de normalización e dinamización lingüística.

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística. (DOG. 14/07/1983).
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. (DOG. 25/05/2010).
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG. 23/06/2009)
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG. 09/09/2014)

- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

3. Xustificación.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, fai fincapé no papel fundamental das linguas como elemento básico de identidade cultural e valor de cohesión dunha comunidade. A Constitución española sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección. No ámbito autonómico, o Estatuto de autonomía de Galicia, define o galego como lingua propia da nosa comunidade e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos. A incorporación da lingua galega ao ensino, entre outros ámbitos, posibilitase en virtude da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que, así mesmo, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia.

Por outra banda, a realidade social europea na que nos atopamos inmersos, nun contexto no que a mobilidade laboral e a globalización se manifestan claramente, sitúanos nun espazo internacional caracterizado polo plurilingüismo. Para atender esta necesidade de tipo social, faise necesario facilitar ao alumnado unha capacitación efectiva nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras, de acordo co especificado na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que inclúe como obxectivo a capacitación para a comunicación nas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras.

En relación cos aspectos xa comentados, o novo marco normativo establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, regula a distribución das linguas vehiculares das distintas materias de estudo, coa finalidade de garantir a competencia plena e en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia e acadar, así mesmo, a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia. Ademais, os principios de elaboración do citado Decreto recollen, entre outros, a garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, así coma a promoción da dinamización da lingua galega nos centros de ensino.

Neste proxecto lingüístico, detállanse as actividades e estratexias de aprendizaxe que se poñerán en marcha coa finalidade de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais, de acordo co especificado no Artigo 5º punto 4 do Decreto 79/2010,

do 20 de maio. Ademais, no tocante ao contido do Artigo 11º do citado Decreto, relativo á potenciación da lingua galega nos centros, se mencionará explicitamente neste documento o programa de actividades de fomento da lingua que se desenvolverá no centro contando coa participación de toda a comunidade educativa, prestando especial atención ás liñas de actuación encamiñadas ao incremento no uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

De acordo co artigo 15º punto 3 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, o equipo de dinamización da lingua galega terá un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega a desenvolver no centro educativo.

O Proxecto Lingüístico nace da necesidade de traballar de forma colaborativa e organizada nos Centros de Ensino, co fin de conseguir que os nosos alumnos e alumnas adquiran as destrezas propias da competencia comunicativa, de tal maneira que melloren significativamente en todas as áreas e adquiran o resto das competencias básicas.

A competencia comunicativa é un instrumento esencial para a adquisición do coñecemento. O Proxecto Lingüístico integra os Proxectos que xa funcionan nos Centros e que están ao servizo das competencias comunicativas, principalmente o Proxecto de Lectura e Biblioteca e o Proxecto TIC.

4. Análise sociolingüística.

4.1. Introducción:

O CEIP Manuel Respino está situado nunha zona do rural da provincia de Ourense, concretamente na localidade de A Rúa, que é cabeceira do Concello. Xeográficamente, este Concello está situado na parte oriental da provincia, nunha zona de montaña con núcleos de poboación dispersos, cunha poboación minguante e escasa infraestrutura e transportes públicos.

4.2. Contexto sociolingüístico.

A nosa comarca polo seu emprazamento xeográfico está metida nunha situación de diglosia bastante acentuada.

Identifícase o galego como unha lingua da que se pode prescindir, e o castelán coma lingua verdadeiramente útil e ligada á cultura.

Atopámonos nunha zona cun nivel socio-económico medio e que está moi castelanizada.

4.3. Situación do alumnado.

Case a totalidade do alumnado chega ao centro falando exclusivamente castelán, lingua habitual nas súas casas ou polo menos habitual cando se dirixen a eles.

Un feito observado polos mestres é que os nenos/as que entran no colexio sendo galego falantes, van perdendo o uso cotiá desta lingua e incorporando no seu lugar o castelán.

Outro feito a salientar é a constante chegada de cativos/as tanto doutras comunidades coma do estranxeiro cunhas particularidades que dificultan a comunicación nalgunha das linguas, punto a ter moi en conta para a nosa programación.

4.4. Situación do profesorado.

O profesorado coñece ou fala indistintamente galego e castelán.

Aproximadamente un 37% do profesorado do centro emprega o galego como lingua habitual e un 10% úsao especialmente nas actividades docentes. Ademais, un 63% utiliza ambas linguas nas actividades docentes.

A capacitación do profesorado para empregar o galego é alta.

En canto á actitude lingüística, é moi positiva xa que un 100% cre que a adquisición de dúas ou máis linguas enriquece.

4.5. Ambientalidade lingüística.

A presenza da lingua galega na documentación administrativa do centro, notas informativas do taboleiros, etc. é plena. Tamén é total o emprego do galego nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións.

A biblioteca do colexio está dotada dun fondo en galego que consideramos suficiente.

Dende hai varios cursos levamos a cabo, dentro do Plan Lector, a hora de lectura. Durante trinta minutos todos os días alumnado e profesorado practícan dentro da aula.

Na biblioteca de aula e de centro hai oferta de libros nas tres linguas para que o alumnado poida facer uso dos mesmos nesta sesión.

En canto ao inglés, queremos salientar a súa inclusión nas materias de ensino coa introdución do mesmo na área de Plástica en todos os niveis da etapa de Educación Primaria.

4.6. Criterios para determinar a lingua predominante do controno.

- Enquisa lingüística entre o alumnado e as súas familias:

Elaboramos un modelo de enquisa que fose facilmente aplicable a todo o alumnado máis as súas familia. Cos datos obtidos confirmaremos dun xeito máis rigoroso o que xa sabemos informalmente acerca da realidade lingüística do centro.

- Observación directa:

A observación directa do alumnado por parte do profesorado do centro aporta datos de gran interese para o coñecemento da realidade sociolingüística do noso entorno.

Moitos parámetros asociados a comportamentos relacionados con actitudes disglósicas, uso de lingua A ou B en función de distintos contextos de comunicación, etc., son datos que unha boa actitude de observación do profesorado pode aportar para a súa delimitación exacta.

Para o rexistro destas observacións o equipo de Dinamización facilitará fichas de observación para o profesorado e así mesmo poderanse realizar anotacións nun anecdotario.

4.7. Indicador global. Determinación do contorno sociolingüístico do centro.

Unha vez analizados os resultados das enquisas, concluímos que os nenos e nenas usan a lingua castelá maioritariamente, facendo un uso testimonial da lingua galega.

5. Distribución lingüística curricular.

Na nosa contorna castelán falante o reto segue a ser que o alumnado consolide unha competencia plena na súa lingua materna, non abandonen o seu uso e que acaden unha boa competencia a nivel oral e escrito. Así mesmo é fundamental que adquiran tamén unha competencia plena na outra lingua oficial, tanto a nivel oral como escrito. Considerando ademais que a introdución da segunda lingua (no noso caso, a lingua galega) debe ser inicialmente no plano oral como paso previo antes de iniciar a escrita, aspecto a ter en conta principalmente na Educación Infantil.

No seu artigo 6º para a Educación Primaria, garantírase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia. Impartiranse en galego as materias de Ciencias sociais e naturais e en castelán a materia de Matemáticas.

O CEIP Manuel Respino garante que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanas, quedando impartidas da seguinte forma:

| EDUCACIÓN PRIMARA | | | | | | |
|--------------------------------------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| | 1º Nivel | 2º Nivel | 3º Nivel | 4º Nivel | 5º Nivel | 6º Nivel |
| Lingua Castelá e literatura | LC | LC | LC | LC | LC | LC |
| Lingua Galega e literatura | LG | LG | LG | LG | LG | LG |
| Lingua estranxeira | IN | IN | IN | IN | IN | IN |
| Ed. artística - Plástica | IN | IN | IN | IN | IN | IN |
| Ed. artística - Música | LC | LC | LC | LC | LC | LC |
| Educación Física | LG | LG | LG | LG | LG | LG |
| Matemáticas | LC | LC | LC | LC | LC | LC |
| Ciencias Naturais e Ciencias Sociais | LG | LG | LG | LG | LG | LG |
| VCeS | LG | LG | LG | LG | LG | LG |
| Relixión Católica | LC | LC | LC | LC | LC | LC |
| Libre configuración | | | LG | | | LG |

6. Linguas que se deben empregar nos documentos curriculares.

Segundo o disposto no decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

7. Tratamento integrado das linguas (TIL)

7.1. Medidas tendentes á impartición do currículo integrado das linguas

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no punto 9 do artigo 15, referido aos principios metodolóxicos, expresa: “Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas...”


O currículo integrado das linguas supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística, máis aló das linguas nas cales exprésese o individuo. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode permitir a comprensión noutra lingua, as estratexias de comprensión lectora desenvolvidas nunha lingua poden servir para outros idiomas así como o coñecemento de certas regras de cortesía verbal fan presupoñer que outra comunidade de falantes tamén terá as súas propias regras e pode ser importante coñecelas e respectalas.

Evidentemente, esta competencia global móstrase con distintos niveis de capacidade segundo as linguas, as situacións comunicativas e as actividades nas que estea implicada unha persoa.

Neste sentido, o currículo integrado das linguas baséase nunha idea fundamental: as linguas son ferramentas para a comunicación e a súa aprendizaxe e ensino baséase na súa utilización para a comunicación. Isto implica asumir que a actividade fundamental na aula é o desenvolvemento de actividades comunicativas de produción e recepción de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística de xeito decisivo. Fomentar a participación do alumnado en actividades comunicativas é a tarefa principal do profesorado en relación coas linguas.

Dentro deste marco pedagóxico de integrar o tratamento, coordinar e compartir obxectivos, contidos, avaliación e metodoloxía no traballo das linguas, pretendemos:

- Mellorar a competencia lingüística do alumnado.
- Dinamizar a planificación lingüística do centro.
- Guiar cara a un proceso de ensino-aprendizaxe de linguas baseado no enfoque comunicativo e nas competencias clave.
- Racionalizar e optimizar os recursos institucionais para o ensino das linguas.
- Mellorar a formación do profesorado no que respecta ao plurilingüísimo.
- Esta proposta do Tratamento Integrado das Linguas (TIL) configúrase a través de tres aspectos que interactúan simultaneamente:



O tratamento integrado das linguas esixe asumir os seguintes principios:

- Inclusión.
- Ensinanza baseada no uso.
- Enfoque comunicativo:
 - Traballar as linguas a través de procesos encamiñados á produción de textos orais e escritos con finalidade comunicativa. O traballo céntrase no uso da lingua. Non se estuda o código como tal senón que se parte das necesidades lingüísticas do alumnado e o que se pretende conseguir é que utilice a lingua de maneira eficaz tanto no rexistro oral como no escrito en distintos ámbitos de uso.

- A reflexión lingüística (gramática...) debe estar ao servizo da mellora do uso da lingua.
- A lingua debe ser obxecto en si mesma. O obxecto de estudo son os usos reais dela: os textos, orais e escritos, e en contextos variados.
- Asegurar a presenza na aula da maior variedade textual posible, xa que isto garante o estudo de aspectos lingüísticos diversos. Os textos, clasificados coa axuda dunha tipoloxía textual apropiada e seleccionados atendendo á variedade de ámbitos de uso e de xéneros textuais, ao seu interese didáctico e a súa significatividade para o alumnado, convértese no eixo da ensinanza integrada das linguas.
- As actividades céntranse nos procesos comunicativos. O eixo de traballo é a comprensión e a produción de textos orais e escritos.
- A aula convértese nun espazo privilexiado de comunicación onde se favorece a participación eficaz do alumnado en prácticas comunicativas diversas.
- Repartir os contidos e tarefas entre as diferentes linguas.
- Desenvolvemento de actitudes positivas cara ás linguas.

7.2. Implicacións metodolóxicas

- Formulación unificada do tratamento de lectoescritura.
- Aplicación coherente dos materiais curriculares para evitar repeticións innecesarias.
- Aproveitamento da transferencia de aprendizaxes dunha lingua a outra.
- Unificación da metalinguaxe.
- Tratamento integrado dos contidos.
- Corrección proactiva dos fallos por transferencia negativa dunha lingua á outra.
- Diferenciación de tratamento das linguas L1, L2 e LE.
- Deseño de obxectivos lingüísticos nas áreas de contido non lingüístico.
- Consenso sobre o enfoque comunicativo nas tres linguas.
- Elección de materiais curriculares correspondentes nas linguas do currículo.
- En Educación Infantil, distribución dos usos lingüísticos entre as diferentes linguas.
- Traballar actividades receptivas (comprensión) previamente ás produtivas (expresión). As habilidades de escoitar e de ler serán anteriores ás de falar e as de escribir.
- Utilizar recursos diferentes para cada lingua. Cancións, contos, imaxes...serán diferentes en cada un dos idiomas.

- Fomentar a participación activa do alumnado nas actividades lingüísticas desde o primeiro momento.
- Diseñar actividades motivadoras a partir dos recursos que ofrece a biblioteca escolar.
- Favorecer as interaccións entre o alumnado e entre alumno/a e o profesor/a, de forma que se produzan intercambios verbais na lingua que se aprende.
- Facer uso das posibilidades e recursos TIC.

7.3. Tratamento específico da lingua inglesa.

O ideal é unha incorporación temperá do ensino da lingua estranxeira como medio de comunicación. A aprendizaxe ten que ser motivadora para xerar unha actitude positiva cara á lingua, aos seus falantes e á súa cultura.

Procurarase que os contidos que se traballen teñan o grao de esixencia cognitiva e de contextualización necesarios para ser adquiridos a partir da competencia parcial que teñen os alumnos/as.

Algunhas claves:

- No tempo destinado ao inglés, comunicarse sempre en inglés. (Os apoios en L1 / L2 irán diminuindo co nivel de competencia do alumnado).
- Crear contextos nos que a lingua se use significativamente. (Con contextos significativos, información extralingüística e oportunidades de dialogar, crearemos as condicións para que os nenos e nenas utilicen de xeito significativo a lingua que descoñecen e que están aprendendo. Na Educación Infantil, as rutinas xogan un papel esencial na aprendizaxe por diversas razóns, especialmente porque dan seguridade e crean situacións predecibles que poden anticipar).
- Garantir a comprensión, asegurando o coñecemento por parte do alumnado da situación de comunicación.
- Elaborar propostas de actividades motivadoras, que manteñan a atención para que o alumnado se implique emocionalmente na aprendizaxe.
- Facer uso das posibilidades que ofrecen as TIC.
- Dotar a biblioteca do centro dos recursos necesarios, motivadores e axeitados aos niveis do alumnado.

7.4. Aprendizaxe da lingua nas ANL (Áreas Non Lingüísticas)

A aprendizaxe lingüística dos alumnos é competencia de todas as áreas dado que a lingua é o instrumento común a través do que se vehiculan os seus contidos. Algúns elementos a considerar son:

- Principais obxectivos lingüísticos das ANL.
- Principais contidos que se poden traballar nas ANL. (Entre as que destacan as habilidades de comprensión e de expresión oral e escrita).
- Nivel de lingua utilizado polo profesorado.
- Actividades que favorezan o desenvolvemento da competencia lingüística nas ANL.
- Criterios de avaliación que se han de introducir nas ANL que contemplan aspectos lingüísticos.

7.5. Contidos de lingua que se poden traballar nas ANL.

| | |
|---|--|
| Xéneros de texto. | <ul style="list-style-type: none">• Orais: debate, exposición na aula desenvolvendo un tema, posta en común.....• Escritos: traballo monográfico, unidade, mural..... |
| Tipos de discurso | <ul style="list-style-type: none">• Fala colaborativa, narración de feitos históricos, descrición de obxectos, seres, explicación dun fenómeno.... |
| Habilidades de lectura e escritura | <ul style="list-style-type: none">• De lectura: identificar o tema, as ideas principais e os detalles, utilizar os coñecementos sobre os xéneros e tipos de texto para comprender, diferenciar feitos e opinións, integrar a información de soporte visual co texto verbal....• De escritura: planificar, documentarse, elaborar un borrador e revisalo, desenvolver as ideas principais e contidos de acordo co propósito e o destinatario, organizar o texto, incorporar aos textos información doutros.... |
| Habilidades cognitivolingüísticas | <ul style="list-style-type: none">• Demostrar, explicar, xustificar, resumir.... |
| Linguaxe | <ul style="list-style-type: none">• Aspectos léxicos, gramaticais e ortográficos propios da linguaxe das áreas. |

| | |
|--------------------------------------|--|
| Outras linguaxes | <ul style="list-style-type: none"> • Gráficos, mapas, diagramas, planos, debuxos, animación, música |
| Procesamento da información | <ul style="list-style-type: none"> • Estratexias: localizar información, seleccionala, valorala, organizala, reelaborala e comunicala. |
| Técnicas de traballo e estudo | <ul style="list-style-type: none"> • Tomar nota, facer esquemas e mapas conceptuais, preguntas, pedir Aclaracións, participar no traballo de grupo, preparar un debate... |

7.6. Consideracións sobre a biblioteca escolar.

A Biblioteca Escolar do centro representa un recurso educativo para todo o alumnado, profesorado e familias.

Plantéxase, como un espazo educativo integrado aberto a toda a Comunidade educativa.

Obxectivos:

- Mellorar a competencia lectora do alumnado, a través da adquisición de estratexias de comprensión e o interese pola lectura.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica.
- Promover actividades de acceso á lingua oral e escrita que estimulen a participación e fomenten a creatividade.
- Favorecer a normalización e integración do alumnado con capacidades diversas.
- Promover a implicación das familias.

8. Obxectivos xerais do proxecto.

- Lograr unha actitude positiva da comunidade educativa a favor da dinamización plurilingüe.
- Utilizar as linguas como instrumento de comunicación, de representación, de aprendizaxe e gozo, de expresión de ideas e sentimentos valorando a lingua oral como un medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- Adquirir nas linguas a competencia comunicativa básica que lle permita ao alumnado

expresar e comprender mensaxes e desenvolverse en situacións cotiás.

- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas.
- Potenciar o respecto a todas as linguas e culturas.
- Comprometer na tarefa dinamizadora e plurilingüe ao maior número posible de membros da Comunidade Educativa.
- Divulgar entre a comunidade educativa o Proxecto.
- Difundir na comunidade escolar toda a información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos que poidan contribuír a unha mellora na docencia, prestándolle especial atención aos relacionados coas TICs.
- Fomentar o uso das tres linguas en todas as actividades extraescolares e complementarias programadas no Plan Xeral Anual e noutras que xurdan puntualmente durante o curso.
- Servir de órgano consultivo a toda a Comunidade Educativa no referente ás linguas.
- Celebrar festas, certames, concursos e campañas de fomento... do uso das tres linguas sempre que se estime conveniente, en colaboración con outros organismos ou institucións.
- Avaliar o Proxecto lingüístico do Centro.
- Fomentar hábitos de lectura de libros en galego e ampliar os fondos documentais da biblioteca do centro.

9. Actividades.

- Velar polo cumprimento da normativa vixente en canto a que a publicación de que toda a documentación do centro estará en galego.
- Recital de poesías, cancións ou textos en tódalas linguas.
- Dramatización de contos.
- Apadriñamentos lectores.
- Actividade de contacontos.
- Xogos interactivos.
- Monicreques e marionetas.
- Creación de cadernos de aula onde se recollan cantigas, contos, lendas, ditos, refráns, vocabulario, fraseloxía,...
- Visitas de persoas ao centro ou gravacións para coñecer traballos, oficios, xogos tradicionais e outros de actualidade.

- Dar a coñecer a cultura, gastronomía, xogos e tradicións dos países dos que recibimos alumnado.
- Aproveitar as saídas ao entorno natural para a adquisición de vocabulario propio da temática.
- Fomentar o estudo de persoeiros relevantes da cultura, deporte, ciencia,...
- Celebración das festividadeas propias traballando o aspecto sociocultural de cada lingua.
- Fomento da lectura nas tres linguas mediante lecturas na aula colaborando co Equipo de Biblioteca, realizando un inventario dos libros co fin de incrementar o número de libros de aula en inglés e buscar o equilibrio entre os libros en galego e en castelán.
- Crear un listado de páxinas web que amosen actividades de interese nos tres idiomas.
- Divulgación do Proxecto Lingüístico do Centro a toda a Comunidade educativa.
- Continuar elaborando recursos didácticos que se colgarán na WEB para que poidan ser empregados polos distintos sectores da comunidade educativa e por outros centros.
- Realización de unidades didácticas sobre o escritor ao que se lle adiquen as letras galegas con actividades que faciliten o coñecemento da súa obra e da súa biografía.
- Participación nas diferentes conmemoracións do Centro buscando similitudes das tres culturas.
- Realizar trípticos informativos ao inicio do curso escolar para informar ás familias dos aspectos mais salientables que vai ter o curso.

10. Metodoloxía.

10.1. Criterios metodolóxicos básicos e común.

As metodoloxías actuais, acordes co desenvolvemento do plurilingüismo, presentan a ensinanza das linguas do seguinte xeito:

- Metodoloxía integradora e activa, coa participación plena dos alumnos/as que serán tamén deseñadores do seu propio proceso.
- Poñendo o acento na actividade oral.
- Dando menos importancia ás actividades gramaticais.
- Procurando que o que se aprenda sexa incorporado e posto en práctica.
- Acercándose aos modos espontáneos de adquisición das linguas.
- Non considerando como único obxectivo lexítimo o lograr a competencia dun nativo.
- Emprego de fontes reais afondando nun uso práctico e funcional das linguas e no enfoque

predominantemente comunicativo das mesmas.

- Fomentar actividades variadas e flexibles con diferentes graos de resolución.
- Diversificar as linguaxes de apoio para a presentación de nova información ao alumnado.
- Construír un clima de aceptación, confianza e seguridade.
- Diversificar as formas de organización e agrupamento do alumnado así como a estruturación e usos do espazo e o tempo.
- Considerando esencial desenvolver a competencia de aprender a aprender, potenciando a adquisición das linguas de xeito reflexivo e autónomo.
- Atendendo aos diferentes estilos de aprendizaxe do alumnado e, igualmente, aos diferentes ritmos.

Baseándonos nestas reflexións metodolóxicas, propoñemos as seguintes orientacións:

- Favorecer as actividades de tipo cooperativo en parellas ou en grupos, reducindo o tempo de actuación do profesorado, e intentando que o alumnado estea activo durante a maior parte do tempo na clase.
- Para o tratamento dos erros, usar o criterio de intelixibilidade para promover unha corrección positiva e variada.
- Intentar conectar os aspectos lingüísticos entre diferentes sesións, ou dedicar tempo á súa revisión ao principio da mesma. Desta forma conseguimos relacionar os novos coñecementos cos coñecementos e as experiencias previas do alumnado, ligando os novos conceptos co xa aprendido. A consolidación e interiorización dos aspectos lingüísticos descansan sobre todo na revisión e a repetición dos mesmos con propósitos diversos e en situacións comunicativas diferentes.
- Fomentar o interese do alumnado coa creatividade, variación, a innovación e a orixinalidade.
- Usar os recursos que nos ofrecen as TIC coa posibilidade de acceder a material auténtico, variado e atractivo para o alumnado.
- Introducir os conceptos novos mediante a utilización de diferentes estratexias.
- Seleccionar e secuenciar as actividades de acordo coas habilidades cognitivas e lingüísticas do alumnado.
- En Educación Infantil suxerimos as seguintes estratexias: o xogo, a mímica, “flashcards”, contos, cancións e rimas, actividades de rutina e manualidades.
- Na Educación Primaria propoñemos especialmente a dramatización e o emprego de fontes

reais, sen ter que desbotar as anteriormente citadas.

10.2. Tratamento de contidos e criterios de avaliación similares.

Tanto as linguas oficiais (galego e castelán) como a lingua estranxeira comparten as mesmas dimensións comunicativas: son a canle de coñecementos e ideas pero tamén unha forma de asimilar contidos á vez que se adquiren habilidades para comunicarse noutra lingua. Pero ademais debe fomentarse a promoción de situación comunicativas específicas para o que debe contarse co especialista na lingua estranxeira que axude a prever as necesidades do alumnado e se lles ofrezca os recursos necesarios para solventalas con anterioridade, incluíndo a práctica de todas as destrezas.

Igualmente as aprendizaxes nun idioma deben servir de punto de referencia cara ao outro que, á súa vez, as reforzará.

Por outra banda, hai que sinalar a importancia de tratar os contidos similares e de artellar un sistema de avaliación con criterios semellantes para as tres linguas, tema que, sen dúbida, debe ser tratado tanto polos titores como polos especialistas de idiomas de cada nivel ao comezo de cada curso escolar. Os acordos serán recollidos nas Programacións Didácticas de cada nivel.

Para esta tarefa farase uso dos descritores que aparecen no Marco Europeo de Referencia para as Linguas.

11. Recursos humanos e materiais.

11.1. Recursos humanos:

- Todo o profesorado do centro.
- Outros centros educativos da zona.
- ANPA
- Secretaría Xeral de Política Lingüística.

11.2. Materiais:

- Biblioteca escolar.
- Bibliotecas de aula
- Medios informáticos.
- Material achegado por distintas institucións sobre a dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.
- Taboleiro de anuncios, páxina web e outros medios de difusión.

12. Medidas de apoio e reforzo ao plurilingüismo.

Consideramos que a aprendizaxe doutras linguas axuda a valorar e enriquecer a lingua materna, pero tamén a reflexionar sobre a forma de aprender, sobre a morfoloxía das linguas (establecendo comparacións entre elas) e favorece o recoñecemento de cada lingua como un ben que nos ofrece unha gran riqueza cultural.

Procurarase, sempre que sexa factible, fomentar o emprego das diferentes linguas de xeito natural.

O Equipo do Proxecto Lingüístico propón entre outras as seguintes medidas:

- * Publicacións dixital da revista “A Laverquiña” na que se emprega exclusivamente a lingua galega.
- * Mercar publicacións de calquera tipo (didáctico, divulgativo, de ocio...) nas diferentes linguas.
- * Intentar establecer redes de colaboración con outros centros educativos para traballar conxuntamente en prol do plurilingüismo.
- * Maior emprego do material audiovisual tan eficaz na aprendizaxe das linguas e na motivación do alumnado.
- * Promover un meirande incremento do uso das diferentes linguas en situacións reais, cotiás, ofertando un contexto natural para o desenvolvemento dos idiomas e empregando os medios de comunicación de masas dos que dispón o centro con vistas a facilitar a práctica das linguas.

13. Medidas para o alumnado con insuficiente dominio das linguas e procedente do estranxeiro.

Dada a diferenza nos niveis competenciais referidos ás linguas entre o alumnado do noso centro, é necesario ter en conta unha flexibilidade que proporcione as axudas pedagóxicas precisas que mellor se axusten á devandita diversidade da que falabamos. Desta maneira hai que considerar as características persoais e as diferenzas individuais. Aquí queremos salienta que unha parte importante de alumnos estranxeiros que chegan ao noso Centro, teñen poucas ou ningunhas nocións de lingua estranxeira.

O Proxecto Curricular para a aprendizaxe das linguas deberá ser, en consonancia, aberto á diversidade e flexible, respectando as diferenzas individuais. Convértese así en algo dinámico.

Os procesos da aprendizaxe e da ensinanza das linguas, non poden ser nin uniformes nin homoxéneos, xa que cada alumno/a aprenderá segundo o seu ritmo de aprendizaxe, da súa

capacidade e dos seus intereses. Requírese, polo tanto, un tratamento didáctico diferenciado para ofrecer canles distintas esquecendo a homoxeneidade cronolóxica.

Propoñemos como puntos esenciais da práctica docente:

- Realizar a inmersión lingüística nas tres linguas.
- Traballar simultaneamente os mesmos contidos nos tres idiomas para o que se precisaría que o profesorado especialista en inglés e os titores dos diferentes niveis, realizasen reunións periódicas, especialmente ao comezo de cada curso (previas ás Programacións Didácticas) para aunar criterios.
- É importante que obxectivos, contidos e metodoloxía vaian parellos nas tres linguas para reforzar as aprendizaxes.
- Hai que primar o traballo oral, é dicir, o enfoque comunicativo.

Todo isto concrétese nunhas medidas xerais (recollidas no Plan de Acollida deste Centro) para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas acadese certa competencia nas mesmas: Cada titor debe deseñar unha serie de obxectivos e contidos que teñan por finalidade o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita nas linguas oficiais da nosa comunidade para o alumnado estranxeiro coa colaboración do Departamento de Orientación. Estes obxectivos e contidos terán un carácter interdisciplinar.

Para desenvolver este tipo de contidos optárase por un enfoque comunicativo na metodoloxía, xa que este respecta a forma natural da aprendizaxe do alumno. As estratexias concretas nas que se fundamentará a aprendizaxe da nosa lingua pola parte de nenos/as inmigrantes son as seguintes:

- Terase en conta a heteroxeneidade do alumnado estranxeiro.
- Empregaranse distintos tipos de texto (contos, refráns, cancións...) da nosa cultura e da súa cultura de orixe.
- Procurarase unha aprendizaxe simultánea da lingua oral e escrita, tanto de aspectos mecánicos como de comprensión.
- O mestre será un modelo lingüístico para o neno estranxeiro, polo que terá especial coidado en empregar frases sinxelas, acompañar as verbalizacións con apoio visual, repetir correctamente ou sobreentender as frases que o neno emite... Tamén procurará a participación do alumno na clase.

Para a aprendizaxe da lingua galega suxerimos o emprego do programa “Un novo lugar, unha nova lingua”.

O Centro programará unha serie de actividades que faciliten a integración destes alumnos tales

como:

- Utilizar na aula algunhas referencias da lingua de orixe destes alumnos, como son os saúdos, as despedidas, expresións e frases feitas, así como os nomes dos obxectos máis usuais da clase e de uso común.
- Actividades deportivas que facilitan a relación dos alumnos estranxeiros co resto do alumnado porque non requiren, nun primeiro momento, coñecemento do idioma e facilita a aprendizaxe do mesmo dunha forma lúdica. Aproveitaremos os deportes nos que estes alumnos sexan máis destros.
- Actividades plásticas e musicais: xogos, realización de murais, traballos de presentación visual ou musical, sinxelas representacións...
- Actividades culturais tanto para os alumnos como para as familias, para informalos sobre os seus dereitos e a solución de problemas que se poidan encontrar na vida diaria.
- Realizar ciclos culturais dedicadas ao coñecemento mutuo das culturas que conviven no centro referentes á artesanía, gastronomía, folclore, etc.

Ademais do proposto polo Departamento de Orientación, desde o Equipo do Proxecto Lingüístico queremos destacar unhas medidas englobadas nos seguintes aspectos:

OBXECTIVOS E CONTIDOS

- *En caso de ser preciso, modificar a temporalización de determinados obxectivos e contidos.
- *Priorizar e secuenciar obxectivos e contidos
- *Introducir contidos propios das linguas e culturas dos alumnos estranxeiros para favorecer unha aprendizaxe intercultural.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

- *Aplicar o principio de utilidade para pór de manifesto os beneficios da aprendizaxe das linguas na práctica.
- *Deseñar actividades ben planificadas e secuenciadas, curtas e con diferentes graos de dificultades.
- *Elaborar actividades de aprendizaxe cooperativa.
- *Traballar as linguas de xeito oral e escrito de forma simultánea.
- *Traballar a comprensión e a expresión fluída.

AGRUPAMENTOS

- *Usar agrupamentos flexibles para acadar diferentes obxectivos que favorezan a aprendizaxe de contidos e a integración social.

PROFESORADO

*Procurar sempre un traballo cooperativo entre o profesorado que garanta a coherencia e a continuidade dos programas lingüísticos.

RECURSOS MATERIAIS

*Elaboración de cadernos de reforzo para a aprendizaxe das tres linguas.

*Selección e creación de materiais lingüísticos específicos e axeitados a cada tipo de necesidades.

*Traballar na creación de recursos desde o Equipo do Proxecto Lingüístico en colaboración co Departamento de Orientación e co EDLG e co profesorado de lingua estranxeira.

ORGANIZACIÓN

*Establecemento de diferentes tipos de apoios (logo de detectada unha necesidade) sempre que o horario e os espazos o permitan.

*A organización do Equipo do Proxecto Lingüístico adaptarase á organización xeral establecida no centro.

AVALIACIÓN

*Partir dunha boa avaliación inicial, especialmente no caso do alumnado procedente do estranxeiro e daquel con NEAE.

*A avaliación das linguas debe ser continua, formativa e orientadora.

*No caso de alumnado con ACI nas linguas, seguiranse os criterios de avaliación individualizados establecidos na mesma.

14. Estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira as dúas linguas oficiais.

Consideramos que a aprendizaxe doutras linguas axuda a valorar e enriquecer a lingua materna, pero tamén a reflexionar sobre a forma de aprender, sobre a morfoloxía das linguas (establecendo comparanzas entre elas) e favorece o recoñecemento de cada lingua como un ben que nos ofrece unha gran riqueza cultural.

Procurarase, sempre que sexa factible, fomentar o emprego das diferentes linguas de xeito natural.

O Equipo do Proxecto Lingüístico propón entre outras as seguintes medidas:

- Publicacións nas tres linguas: elaboración dun xornal dixital que recolla noticias referidas ás tres linguas.
- Mercar publicacións de calquera tipo (didáctico, divulgativo, de ocio...) nas diferentes linguas.
- Establecer redes de colaboración con outros centros educativos para traballar conxuntamente en prol do plurilingüísmo.
- Maior emprego do material audiovisual tan eficaz na aprendizaxe das linguas e na

motivación do alumnado.

- Promover un meirande incremento do uso das diferentes linguas en situacións reais, cotiás, ofertando un contexto natural para o desenvolvemento dos idiomas e empregando os medios de comunicación de masas dos que dispón o centro, tales como revista dixital, bitácoras...con vistas a facilitar a práctica das linguas.
- Traballar para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables na súa utilización na escola.
 - Promover a interacción entre a escola e o seu entorno, para posibilitar máis recursos a prol da normalización do galego.
 - Ampliar, dentro das nosas posibilidades, os espazos de uso do galego nos distintos ámbitos (deportivos, lúdicos, relacionados coas TIC...)
 - Garantir a mellora da oferta de materiais didácticos en distintos soportes que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe.

15. Programa específico de atención ao alumnado NEAE.

O alumnado con necesidades educativa específica de apoio educativo recibe un reforzo educativo por parte do titor/a. O ensino pretende así adaptarse ao seu ritmo e necesidades específicas. Este alumnado dispón tamén de profesorado de AL e PT que apoian na aula e en algunha ocasión fóra da mesma.

Con este alumnado funcionan moi ben as actividades motivadoras, repetitivas como as rimas, os contos, as cancións, etc. Procuramos utilizalas para a adquisición de vocabulario e novas estruturas en calquera das linguas.

Nas aulas con varios alumnos/as con necesidades deste tipo e sempre que fose posible debería intentarse facer desdoble de aulas se así o estima o Departamento de Orientación.

A área de inglés é contemplada na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, como unha área troncal de modo que aconsellamos a incorporación de apoios nos niveis nos que faga falla e tendo en conta a disponibilidad de horario do profesorado con especialidade en inglés.

16. Competencias do EDLG.

- Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a concreción dos obxectivos de dinamización lingüística que se incluírán no Proxecto Educativo de Centro (PEC)
- Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) para a inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos: Medidas para potenciar o uso do galego nas actividades do Centro e proxectos tendentes a

lograr una valoración positiva do uso da lingua propia e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

- Proponerlle á Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, folclore, etc...no ensino.
- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade prevexa na súa normativa específica.

Atendendo ás competencias do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e de acordo co artigo 14 do Decreto 79/2010 establécense una serie de obxectivos xerais e as liñas de actuación:

OBXECTIVOS XERAIS

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega reúne-se una vez cada mes (1º martes) para poder levar a cabo os seus principais obxectivos:

- Fomentar o uso da lingua propia de Galicia, tanto a nivel oral como a nivel escrito; da transmisión e do coñecemento da súa cultura entre os distintos membros da comunidade educativa.
- Proporcionar aos membros da comunidade información sobre actividades, actos e institucións culturais relacionados coa realidade lingüística e participación nas mesmas.
- Informar ao profesorado de todas as actividades de formación que se oferten, para mellorar as súas competencias lingüísticas.
- Realización de actividades en soporte informático para mellorar as competencias lingüísticas da comunidade educativa.
- Dinamizar a lectura, sexa de libros informativos, publicacións periódicas, contos, banda deseñada, poesía, teatro ou narrativa.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Implicar a toda a comunidade educativa na normalización do galego.
- Procurar a comunicación oral e escrita en galego cos interlocutores da nosa comunidade autónoma.
- Celebración das festas tradicionais: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas e outras actividades que contribúan á revalorización da nosa cultura, proporcionando recursos ao profesorado.

- Manter a docencia en galego nas áreas de Lingua e Literatura galega, Coñecemento do Medio Social, Natural e Cultural, Educación Artística.
- Propiciar hábitos de lectura na biblioteca de aula e de centro.
- Colaborar coas diferentes Coordinacións e equipos do centro: Equipo de AACCEE, Plan lector, Biblioteca, TIC.

17. Avaliación.

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14). Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de mestres para o seu debate. As conclusións que se tomen expoñeranse no Consello Escolar, quen aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de Inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha addenda do Proxecto Lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais/nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.
- Se é o caso de que haxa unha modificación na impartición da lingua dalgunha materia, informárase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.

18. Conclusión.

En resumo, ante a complexidade do proceso de ensino-aprendizaxe das linguas e do desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, o traballo illado do profesorado non é suficiente. É o centro, con todos os seus recursos e o seu potencial, quen pode desenvolver as estratexias para unha adecuada educación lingüística. A organización desta actuación, programada e coordinada, recibe o nome de Proxecto Lingüístico de Centro e do seu deseño, funcionamento e avaliación depende en gran medida o desenvolvemento persoal, social e académico do noso alumnado. O Proxecto Lingüístico de Centro convértese, así, nunha peza fundamental na partida pola construción dunha escola baseada nos principios de calidade e de equidade a través das linguas.